

# ANORA

Sean Baker, 2024

# 1478

ESTREA EN NUMAX: 08.03.2025 | V.O.S.E. | +16 | 138 min

Anora, unha moza prostituta de Brooklyn, ten a oportunidade de vivir unha historia de Cincenta cando coñece e impulsivamente casa co fillo dun oligarca ruso. Cando a nova chega a Rusia, o seu conto de fadas vese ameazado, xa que os pais parten cara a Nova York para intentar conseguir a anulación do matrimonio.

«Sean Baker volver a atreverse cunha versión 'trash' dun conto de fadas para demostrarnos o moito que quere aos seus personaxes.»

Sergi Sánchez, LA RAZÓN



## Entrevista con Sean Baker: «Sempre retrato os meus personaxes sen xulgalos, especialmente as traballadoras sexuais»

Por Carlos F. Heredero

**O primeiro que chama a atención da súa película é a enorme forza vital de Ani, a protagonista. De onde cre que a extrae e que lle interesa a vostede deste personaxe?** Dalgunha forma este personaxe é unha combinación de diferentes traballadoras sexuais que eu coñecía, e sempre souben que ía ser unha persoa moi forte, independente, que se toma moi en serio o seu traballo, pero tamén é unha moza de Nova York, de Brooklyn, así que ten esa actitude daquela contorna, como alguén que pode estar á altura de calquera pelexa, e iso estaba tamén na miña cabeza desde o principio. Logo Mikey Madison, o seu intérprete, potenciou esa faceta e fíxome dar-me de conta de que probablemente Anora extrae esa forza vital da súa independencia.

**Esa firme vontade na procura da felicidade conecta coa doutros personaxes seus, cos protagonistas de *The Florida Project* (2017) e *Red Rocket* (2021), que eran tamén figuras que viven nas marxes da sociedade, ou de maneira heterodoxa respecto a os canons dominantes...** Si, é verdade, eses son os personaxes que me interesan. E se conectamos con eles é porque libran esa loita por atopar a felicidade, aínda que non creo que sexan propiamente perdedores, ou eu non me atrevería a chamalos así. O que me interesa é que o público conecta con eles máis polos seus defectos que polas súas virtudes. Esa é a identificación que me parece máis proveitosa, porque son seres humanos coas súas virtudes e cos seus defectos, como todo o mundo. A miña intención é retratar esas facetas escuras que levamos dentro, esas debilidades que nos fan vulnerables.

**Pode contarnos como foi o traballo de preparación de Mikey Madison para poder encarnar a esta moza, a esta traballadora sexual con esa potencia anímica e con tanta forza emocional...?** Ao principio, os dous tivemos moitas conversas sobre as motivacións do personaxe. O que eu facía sobre todo era apoiála. Tamén axudou moito o feito de que Mikey viñese pronto a Nova York para que puidese respirar todo ese ambiente nos clubs de strippers, que ela quería visitar. Non fixo falta que a animase moito para iso. Igualmente xogou un papel importante o adestrador do dialecto para que puidese falar co sotaque propio de Brooklyn. Recibiu clases de ruso e, por suposto, moitísimas clases para que puidese parecer unha bailarina profesional, de maneira que tivo que poñer da súa parte un altísimo grao de dedicación durante moitísimo tempo.

**Hai unha faceta que me parece decisiva, e é que a película nunca xulga a protagonista. Retrátaa sempre cunha enorme dignidade. Isto paréceme moi valente, e máis aínda ao tratarse, como é o caso, dunha traballadora sexual...** Sempre tratei de retratar os meus personaxes sen xulgalos, e especialmente as traballadoras sexuais. Estas persoas tiveron moi pouca visibilidade, e cando apareceron no cinema e na televisión do meu país, foron retratadas case sempre desde unha mirada chea de prexuízos, paternalista e unidimensional. Un dos motivos para facer esta película é precisamente o de mostrar unha cara distinta do que nos ensinou Hollywood durante tanto tempo. Trato de presentar a Anora como unha persoa que ten unha ética do traballo, e que o fai ben, que é boa facendo aquilo polo que a pagan, sabendo que o público, por suposto, ten as súas ideas preconcebidas. E esta é outra razón para facelo: axudar a romper esas ideas apriorísticas.